

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE VENEZUELA EN CARACAS COA FINALIDADE DE MELLORAR A CALIDADE DAS PRESTACIÓNS SANITARIAS AOS CIDADÁNS GALEGOS E DESCENDENTES DE GALEGOS RESIDENTES EN CARACAS (VENEZUELA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de Xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da Galeguidade, as relacións coas comunidades galegas no exterior, as políticas de emigración e retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas mesmas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta.

Na cidade de Caracas (Venezuela), residen unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de residentes no estranxeiro, a data do 1 de agosto de 2017, é de 36.102 emigrantes galegos, dos que máis de 14.000 teñen 65 anos ou máis.

Deste colectivo, un gran número de persoas de orixe galega e con nacionalidade española, non dispoñen da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades e o cambio de normativa acerca das entidades mutualistas e organizacións de asistencia sanitaria, realizada pola República Bolivariana de Venezuela no ano 2011, provocou que moitos emigrantes galegos que tiñan subscrita a súa cobertura médica a través de entidades mutualizadas quedaran sen tales coberturas.

A Hermandad Gallega de Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en decembro do ano 1960, que agrupa actualmente a preto de vinte e cinco mil socios galegos, sendo a principal entidade galega en Caracas. Na actualidade está a desenvolver unha importante política social e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega.

A Hermandad dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica e conta cun centro de servizos médicos que está a prestar asistencia sanitaria especializada orientada a facer efectiva a mellora da calidade de vida da colectividade galega.

O centro conta con persoal médico altamente cualificado, entre outras especialidades, en medicina interna, cirurxía xeral e cardiovascular, cardioloxía, uroloxía, traumatoloxía, ortopedia e odontoloxía que atende en condicións de gratuidade ou moi vantaxosas.

O número de pacientes atendidos ascende a unha media de 2000 ao mes, sen contar as gardas de primeiros auxilios, unha cifra que amosa claramente a importancia desta actividade asistencial en favor da comunidade galega que está a desenvolver a Hermandad Gallega de Venezuela.



As graves dificultades que está a pasar o país, provoca que a demanda de atención sanitaria no servizo médico da entidade se vexa moi sobrecargado, o que obriga de forma urxente a elaborar un plan de reposición e de investimentos en equipos médicos especializados que contribúan a mellorar, cualitativa e cuantitativamente, e así poder seguir ofrecendo prestacións médicas; o que redunda nunha maior calidade de vida dos seus asociados e, polo tanto, dunha parte moi importante da colectividade galega residente en Venezuela.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Este convenio ten o obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para mellorar a dotación de equipamento médico especializado co que conta a Hermandad Gallega de Venezuela (que se relaciona no anexo I do convenio) co fin de que con este equipamento se amplíe cuantitativa e cualitativamente á prestación médica que esta Hermandad está a dispensar aos galegos e descendentes de galegos residentes en Venezuela.

A Secretaría Xeral da Emigración, para colaborar no financiamento das actividades a que se refire o presente convenio, aportará a contía máxima de catorce mil euros (14.000€), con cargo á aplicación orzamentaria 34.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, coa que contribuirá aos gastos de financiamento das actividades que desenvolve a Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2017, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

